

AS IMPLICACIÓNS DO BORRADOR DUN DECRETO INACEPTÁBEL

1. Principais diferenzas co actual decreto

Decreto 124/2007	Bases do Decreto “de plurilingüismo”
<i>A Administración educativa</i> de Galicia, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega. As actuacións administrativas redactaranse con carácter xeral en galego	Na Administración educativa, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo promoverase a utilización da lingua galega. Nas actuacións administrativas fomentarase o uso da lingua galega
<i>En Infantil</i> usarase a lingua predominante, con presenza do galego no 50% (mínimo) en contornos castelanfal.	Usarase a lingua materna predominante (consultando as familias) e coidarase que se coñeza a outra
<i>En Primaria</i> , 50% en galego mínimo, con Matemáticas e Coñecemento do Medio	Terzos (galego, castelán, inglés). Mates e Coñecemento, unha en galego e outra en castelán, segundo os pais.
<i>Na ESO</i> , establece unha serie de materias a impartir en galego e indica que o Claustro completará ata acadar un mínimo do 50%	Un terzo das materias en cada lingua. Os pais elixen a lingua para matemáticas e sociais (consulta cada 4 anos). O Consello Escolar decide a lingua do resto
<i>No Bacharelato e Ciclos</i> , 50% da docencia en galego. Nos Ciclos establécense varios módulos, aos que se suman os que decidan a dirección e os departamentos	Oferta equilibrada en galego, castelán e lingua estranxeira. Nos Ciclos, cada centro garantirá que se alcancen as competencias propias do nivel en gal e cast.
Nas areas, materias ou módulos impartidos en galego, o alumnado usara, con carácter xeral	Nas áreas impartidas en galego e castelán, o alumno poderá utilizar a lingua da súa preferencia
	↳ Incumprimento da LNL, PXNL, LOE... En contra de sentenzas como a do TS (10/2009)

2. Implicacións pedagóxicas

- Redución da competencia lingüística ao non desenvolver suficientemente as destrezas na lingua minorizada. Desigualdade competencial entre galego e castelán, contravindo normas legais como a LOE.
- Aumento do fracaso escolar (agora nun 25%) co inglés como lingua vehicular imposta.
- Marxinación para o alumnado con outros idiomas estranxeiros como 1ª lingua.
- Inviabilidade da proposta. Se se quere mellorar a competencia en inglés, por que aumentan as ratios, non hai máis recursos e laboratorios ou se reducen os orzamentos para estadias no estranxeiro?

3. Implicacións sociais

- Creación de grandes diferenzas educativas e centros de elite, segundo a titularidade, profesorado...
- División social: pais gañadores e perdedores nas votacións, contornos urbanos con escasísimo ou nulo contacto co galego...

4. Implicacións laborais

- Desprestixio e perda de autoridade para o profesorado: o Claustro non opina nin decide.
- Desconsideración co esforzo do profesorado que se formou e elaborou materiais; terá que cambialos segundo criterios non educativos e circunstanciais. Violación das programacións.
- Aumento da burocracia: avaliación de peticións dos pais, distribución das materias, etc.
- Estratificación do profesorado: valoración dos coñecementos de inglés (esixidos). Agravios comparativos entre docentes de distintas materias.
- Dificultades engadidas para o profesorado non definitivo (incorpórase en setembro) e para os centros á hora de planificar. Complicación ao decidir (en xuño) a lingua dos libros de texto.

5. Implicacións lingüísticas

- Regresión no amparo institucional ao idioma propio, en contra das disposicións legais: o galego deixa de ser a lingua da administración educativa, o alumnado decide se quere ter competencias activas ou non, non se especifican as materias que se teñen que impartir en galego...
- A Administración evade a responsabilidade que debe asumir por lei > traslado da decisión aos pais e Consellos escolares > conflito nos centros e na sociedade > repercusións negativas para o galego.
- Impulso de falacias, prexuízos e discriminacións, pois equipara o galego e o castelán e elimina calquera referencia á normalización, cando as dúas linguas teñen un status social moi diferente.

Cómpre manifestar o rexeitamento a este borrador ilegal, antipedagóxico, galegófono. Medidas: **folga e manifestación do xoves 21**, solicitude de non derogación do decreto actual, apoio da ILP de Queremos Galego...